

## ELECCIÓN AO CONSELLO ESCOLAR

### REPRESENTANTES DE ALUMNADO

#### CONVOCATORIA

De acordo coa *Resolución do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG 18/09/2024)*, a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme á normativa vixente, corresponde elixir no presente proceso electoral a **dous/dúas alumnos/as**, dun total de catro que debe ter o Consello Escolar.
2. Son electores todos/as os/as alumnos/as matriculados/as no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día 30 de outubro está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14:00 horas do día 6 de novembro.
3. As candidaturas correspondentes poderanse presentar do 30 de outubro de 2024 ao 11 de novembro (ata as 13:00 horas) mediante formulario normalizado dispoñible na Secretaría e/ou na web do centro.
4. A mesa electoral estará integrada pola directora do centro, que actuará como presidenta, e dous/dúas alumnos/as designados/as por sorteo, actuando como secretario/a o/a alumno/a de menor idade. A Xunta Electoral realizará o sorteo dos membros da mesa electoral o luns 11 de novembro.
5. A campaña electoral comprenderá dende o 12 ao 18 de novembro de 2024, ambos días inclusive.
6. **As votacións realizaranse o día 19 de novembro, de 9:00 a 13:30 horas.** A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 08:45 horas.
7. Na papeleta de votación cada elector fará constar un máximo de **un** nome da lista de candidatos/as presentados/as. O voto será directo, secreto e non delegable (nin por correo).
8. Poderán actuar como supervisores da votación os/as alumnos/as que sexan avalados pola sinatura de dez electores.
9. Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do centro.
10. A Xunta Electoral do centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Ponteceso, 28 de outubro de 2024

A PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL

Asdo.: Clara I. Regueira Villar